

ga, entidade na que ingresou como correspondente.

O papa Pío XII trasladouno da prebenda maxistral da Habana ó mesmo cargo da catedral de Santiago. Aquí realizou un intenso labor como predicador, profesor do seminario e da escola de Maxisterio, vicepresidente do Padroado Diocesano de Educación Primaria, etc., ó tempo que colaborou na prensa galega e en revistas especializadas. Todo isto valeulle o nomeamento de cóengo arcediago. Publicou o sermón *Palabras pronunciadas... en la iglesia de San Francisco de Pontevedra el día 13 de julio de 1938: fecha del aniversario del vil asesinato del mártir de la patria Excmo. Sr. D. José Calvo-Sotelo* (Vigo, 1938). [Antonio Rodríguez Fraiz]

LAGO GONZÁLEZ, Manuel. Relixioso que naceu en Tui (Pontevedra) o 26 de outubro de 1865. Ós 13 anos ingresou no seminario para cursa-lo bacharelato, pero logo, chamado pola vocación eclesiástica, estudou Humanidades, Filosofía, Teoloxía e Dereito Canónico. Durante uns meses de 1886 perfeccionou os seus coñecementos de grego e hebreo en Santiago de Compostela, materias das que ó ano seguinte o nomearon catedrático no seminario tudense. En 1888 ordenouse presbítero e, en 1893, obtivo os títulos de bacharel, licenciado e doutor en Teoloxía, os dous últimos en Santiago. Dende moi novo amosou afección polas letras —os seus primeiros poemas datan de 1880 e un ano despois publicou en *Eco del Miño* o titulado “Al Aloya”—, pola historia de Galicia e pola arqueoloxía, de aí que en 1882 o nomeasen membro da Academia de Montreal de Tolosa. Colaborou activamente nas páxinas de *La Integridad*, xornal católico de corte integrista, no que se ocupou das seccións “Ripios” e “A la menuda” e onde, anos máis tarde, en 1923, editou *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, do padre Sarmiento. Cando en 1981 se constituíu a Asociación Regionalista Gallega, presidida por Murguía, Lago González formou parte da Junta Regionalista de Tui, que ese mesmo ano se encargou de organiza-los segundos Xogos Florais de Galicia, os primeiros que farían uso exclusivo do galego. Nestes actos improvisou un discurso en *gabanza da lingua galega*, do que só se teñen noticias polas informacións da prensa. O seu integristismo levouno a discrepar coas autoridades civís e eclesiásticas tudenses, en particular co bispo Valeriano Menéndez Conde, razón pola que se viu obrigado a abandonar esta diocese en 1896 e a trasladarse a Lugo, primeiro como cóengo catedralicio e dende 1898 como lectoral. Viviu nesta cidade ata que en 1909 foi preconizado bispo de El Burgo de Osma, onde entrou en 1910 tras ser consagrado en Tui. O traslado non lle debeu agradar moito



O escritor e bispo tudense Manuel Lago González.

como reflecten algúns versos do poema que empeza *Quero ensayar na fala de Galicia* (Lugo, 1905).

Durante a súa estancia en Lugo colaborou asiduamente co padre Merino na recollida de plantas e descubriu nas ribeiras do Miño a variedade que o xesuíta bautizaría na súa honra co nome de *Narcisus lagoi*. No terreo da botánica xa colaborara co farmacéutico tudense Juan Areses na clasificación de árbores. En 1905, un ano antes de saír nomeado correspondente da Real Academia da Historia, elixírono para formar parte da comisión fundadora da Real Academia Galega. Ocupou o asento número 12, no que o sucedería Antón Vilar Ponte. No acto inaugural, no seu discurso de ingreso, “Elogio de la lengua gallega”, lido polo tamén académico Eugenio Carré Aldao, limitouse a enunciar unha serie de tópicos: [...] *la más hermosa de las lenguas neolatinas y aún acaso la más bella de cuantas se hablan en el mundo* [...]; [...] *suave y dulcísima* [...]. Non chega a constituír máis que, en palabras do profesor Barreiro Fernández, *un breve e pobre, moi pobre, discurso sobre o idioma galego*.

Despois de sete anos na diocese soriana, saíu nomeado bispo de Tui e estivo alí ata que en 1923 o elixiron para ocupala cadeira arcebispal compostelá, onde se apoucentou en abril de 1924. Toda a prensa acolleu con simpatía o seu nomeamento, incluída a galeguista, pois non en balde dende había 125 anos Compostela non contaba cun arcebispo galego. De aí que o número 17 da revista *Nós* iniciáse con estas palabras: *Despois de máis dun século en que ningún galego rexiu a groriosa Eirexa Compostelán, coa máis grande ledicia vemos hoxe nomeado pro máis outo posto relixioso de Galicia ó señor Manoel Gonzalez Lago [sic], bispo de Tuy, galego de nacimiento e de curazón, grande teólogo e filólogo, sentido poeta galego, e de tantas virtudes como ciencia: un verdadeiro prestixo da Eirexa e da Nosa Terra. Creemos con toda fe que este feito sinñificativo marca un novo tempo y un froitoso camiño pra vida relixiosa y espirotoal de Galiza. Nos leva o Dr. Gonzales Lago a máis forte noraboa chea de quentura e de fondas esperanzas. Nacionalistas como Cabanillas (As pombas do perdón) ou Vilar Ponte (El heredero de Gelmírez*

LEMBRANZA DE LAGO GONZÁLEZ



GALAXIA

y Rajoy) tamén tiveron palabras de eloxio, se ben no caso do segundo hai certas contradicións, xa que no seu artigo "El enorme yerro del clero gallego" arremete contra este en termos duros: *no podemos olvidar que la mayoría de los curas gallegos, monárquicos en tiempos de la monarquía y fervorosos apoyos de la dictadura en tiempos de Primo de Rivera, contrastaban notablemente contra sus colegas vascos y catalanes*; pero ó mesmo tempo non dubida en loar a Lago e incluílo entre os poucos galeguistas do momento. É preciso lembrar que a pesar de que o directorio prohibira a conmemoración do Día da Patria, no banquete que seguiu á ofrenda cantouse a "Alborada" de Lago e unha foliada como clara mostra do *rexionalismo ben entendido*. En 1924 designárono membro de honra do Seminario de Estudos Galegos e con este motivo un grupo de estudantes ofreceulle a publicación do folleto *A noso señor o arcebispo de Sant-Iago don Manoel Lago Gonzalez*, que contiña unhas palabras, sen asinar, de Bouza-Brey e un conxunto de poesías galegas do arcebispo. Pouco tempo despois, o 19 de marzo de 1925, morreu. Por subscripción popular a universidade adquiriu os 7.000 volumes que conformaban a súa biblioteca e dedicoulle unha sala inaugurada en 1929. En 1973 o Día das Letras Galegas estivo centrado na súa figura.

Como escritor, Manuel Lago González deixou uns cantos libros sobre temas relixiosos, un bo número de poesías -62 en galego-, na súa maioría manuscritas,

◀ Un libro sobre Manuel Lago González.

e outros impresos en diversos periódicos da época (*La Integridad, El Norte de Galicia, Galicia Diplomática, Galicia Católica...*). Esta produción coñécese hoxe en conxunto grazas ó estudo que lles dedicou á súa vida e á súa obra un dos seus amigos, o profesor Filgueira Valverde. Como poeta e improvisador de fácil versificación habería que encadrarlo entre os continuadores do costumismo. Os seus temas son a natureza (sobre todo, alboradas), os records xuvenís, Tui..., se ben tamén ten composicións de carácter histórico e narrativo, de Nadal, marianas, etc. A súa obra poética pódese caracterizar, seguindo a Eduardo Blanco Amor, como formalista, manierista e deshumanizada. Por último, cómpre destacar que catro das súas pezas galegas, "Alborada", "San Campio", "Fror nova" e "O neno Xesús", as musicou José Torres Crego e outras de carácter relixioso, o mestre de capela de Tui, Martínez POSSE. (Xosé María Dobarro Paz)

LAGO MARTÍNEZ, Manuel. Filatelista nacido en Vigo (Pontevedra) o 4 de setembro de 1917, que desenvolveu un labor notable en todo o relacionado co mundo do selo. Foi especialmente significativa a súa actuación como secretario, e logo presidente, do Grupo Filatélico de Vigo. Promoveu e organizou varias exposicións dende 1959, polo que a Dirección Xeral de Correos e Telecomunicacións lle concedeu, en 1971, a Medalla de Bronce ó mérito filatélico. Ás xestións de Lago débese a edición do primeiro selo de castelos de Galicia e á súa



Un libro de Manuel Lago Martínez.



Ladra



Lafoz



Lago



Lago



Lago



Lago

vasta erudición, unha serie de traballos, entre os que sobresaen os seguintes: *Estudio sobre el sello urgente en España*; *Historia del correo marítimo de España*; "Glosando sobre historia postal de San Sebastián", en *Boletín de las Jornadas Filatélicas* (San Sebastián, 1971); "Prefilatelía de Vigo", en *Boletín de EXFIVIGO-71*; *Descripción del correo marítimo entre Falmouth-Coruña*; *Prefilatelía de Valdeorras*; *Documentos presellos de Galicia*; *Prefilatelía de la península del Morrazo*; *Prefilatelía de Galicia*; e *Presencia de Galicia en los sellos*, en colaboración con Xosé María Álvarez Blázquez.

Lago obtivo nada menos que medio milleiro de galardóns, dos que cómpre cita-lo Mexillón de Prata por *Fauna y correo de Galicia* e a Medalla de Ouro no premio José Gomis Herrero por *Prefilatelía de Galicia*. É o único español que recibiu as medallas de Ouro e Vermeil pola súa colección "Caballos", en competicións internacionais sobre esa temática. Á parte desta colección, son sumamente interesantes as de "Estado de la Iglesia y el Vaticano" e "Prefilatelía de Galicia".

LAGO NORTE. Praia do litoral atlántico, situada na marxe norte da ría de Camariñas, a carón da punta do Costado, na parroquia e concello de Camariñas (A Coruña).

GRAN ENCICLOPEDIA
GALEGA
SILVERIO CAÑADA

TOMO XXV

LAC - LIBR